

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA POLA QUE SE AUTORIZA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO A COLOCACIÓN DE ATA 50 CORDAS COLECTORAS MÁIS POR BATEA EN TODOS OS POLÍGONOS DE CULTIVO DE GALICIA.

ANTECEDENTES

1. O 11 de febreiro de 2025, FEMEX (FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MEXILLOEIROS) solicita autorización para adiantar o prazo na colocación de cordas colectoras ao 1 de marzo, e aumentar o seu número a 150 cordas por batea e a súa lonxitude a 12 metros.
2. O 14 de febreiro do 2025, solicitase informe aos membros da Comisión do Mexillón. Informan favorablemente formulando, e nalgúns casos presentan a súas respectivas peticións individuais, as seguintes entidades: Asociación de Mejilloneros profesionales "A Bensa", Asociación de Mejilloneros Profesionales "A' Marxa", Asmecruz Sociedad Cooperativa, Federación de Asociaciones de Mejilloneros de Arousa Norte (FARN), Asociación de Mejilloneros Illa de Arousa, Organización de Productores de mejillón de Galicia "Opmega" e Asociacion Productores Mejilloneros Ria Nosa de Moaña. A maioría informaron desfavorablemente ao incremento na lonxitude das cordas colectoras.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1.- O artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, establece que no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente de mexillón en bateas de modo que o número de cordas



non sobrepase as cen (100) respecto ao máximo autorizado por batea (500).

En relación as cordas colectoras, o punto 3 do artigo 36º regula que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metro de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha delas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de color vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencie perfectamente das cordas de engorde.

2.- Con respecto ao adianto do período establecido no 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, os informes de recontos larvarios feitos en colaboración co laboratorio de inmunoloxía (CINBIO) da Universidade de Vigo (UVIGO) e o Centro de Investigacións mariñas (CIMA) - http://www.intecmar.gal/informacion/fito/informes/I_Larvas2.aspx., amosan que, nas últimas semanas, se está a producir un incremento das larvas. Esta situación aconsella a colocación anticipada das cordas colectoras para aproveitar os previsibles picos de fixación.

3.- En relación a solicitude de incremento de 50 cordas adicionais con respecto ao número establecido no dito artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro (100), o cambio climático, xunto cos cambios na demanda dun mexillón de talla máis pequeno para o consumo en fresco, motivan que se modifique as condicións en relación ao número de cordas. As alteracións motivadas polo cambio climático nas condicións oceanográficas e ambientais provocan que cada vez sexan máis frecuentes os desprendementos de mexillón e a escaseza de semente de mexillón (mexilla) nas rochas na época hábil de recollida. Ademais, a dependencia dos factores climatolóxicos nos desoves do mexillón así como a limitación das zonas para a extracción de semente de mexillón en banco natural, levan consigo ter en consideración esta petición do sector.

4.- Con respecto a pretensión de incrementar a lonxitude das cordas reguladas no artigo 36.3 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro (5 metros), segundo a bibliografía científica (Fuentes e Morales, 1994; Peteiro, 2009), a fixación das larvas de mexillón ocorre con maior intensidade nos primeiros metros da columna de auga. A día de hoxe non temos datos recentes, nin os solicitantes aportan información, que aconselle incrementar esa lonxitude. A Consellería do Mar encargou á Fundación Centro Tecnolóxico do Mar



(CETMAR) a realización dun estudo coa colocación de cordas experimentais con lonxitudes de 12 metros en distintas áreas das Rías de Arousa e Muros e Noia, que permitan analizar futuras peticións.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Autorizar a **colocación de ata 50 cordas colectoras máis por batea**, en todos os polígonos de cultivo de Galicia.

Denegar a solicitude para o incremento na lonxitude das cordas colectoras ata 12 metros por non estar xustificado, nin ter información que aconselle o incremento da lonxitude.

A colocación das cordas será realizada baixo as seguintes condicións:

1. As cordas colectoras poderán manterse na batea ata o 30.09.2025.
2. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor vermella intensa, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencie perfectamente das cordas de engorde.
3. Comunicación previa da colocación das cordas colectoras

Todos os concesionarios que fagan uso destas condicións deberán comunicalo coa antelación suficiente, indicando o nome do viveiro e a súa localización, a data e o número de cordas colectoras que van dispoñer, á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmr@xunta.gal, ou na aplicación informática que a consellería porá a súa disposición. A posta en funcionamento desta aplicación, coas indicacións necesaria para o seu emprego, será comunicada as asociacións para poder cumprimentar nela esta información. No momento en que dita aplicación estea en funcionamento a comunicación só poderá ser realizada a través da mesma.

4. Seguimento da recollida de semente de mexillón nas cordas colectoras

Ao longo da campaña os concesionarios, que se acollan a esta medida extraordinaria,





deberán realizar a declaración do número de cordas colectoras e as cantidades captadas de semente de mexillón. A declaración será realizada a través da aplicación informática MOVVIC a medida que as vaian retirando as cordas.

En todo caso, para os efectos de realizar o correspondente seguimento técnico, os titulares dos viveiros deben colaborar co persoal da Consellería do Mar facilitándolles a información que lles sexa requirida.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Patricia García Sánchez

Directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Asinado por: GARCÍA SÁNCHEZ, PATRICIA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/03/2025 09:31:04

